

as fillas bravas

(teatro con perspectiva de xénero)

grupo chévere
carballeira d san lourenzo 38-39 baixo C
15705 Santiago de Compostela
mail: info@grupochevere.eu tlf. 981 594996

índice de contidos

1. presentación

1.1. repercusión do proxecto na creación e fomento de públicos para as artes escénicas.

1.2. o teatro como ferramenta de comunicación, sensibilización e concienciación

1.3. teatro con perspectiva de xénero

2. obxectivos

3. sinopse

4. viabilidade técnica

4.1. orzamento (ver anexo VI)

4.2. recursos da empresa

4.3. equipo técnico e artístico

5. memoria de dirección

5.1. a documentación de referencia

5.1.1. o cancionero popular galego

5.1.2. as formas de vida tradicionais e as relacións de xénero en Galicia

5.2. os materiais de traballo

5.2.1. a dramaturxia como proceso

5.2.2. os personaxes e o traballo de interpretación

5.2.3. os temas a tratar

5.2.4. o formato teatral

5.2.5. os textos

5.2.6. as técnicas

5.3. o cronograma

6. estratexias de difusión e e comunicación

1. presentación

Este é un proxecto escénico transversal, que usa o teatro como ferramenta para a sensibilización social sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e para previr situacións de violencia contra as mulleres.

Neste caso non se trata dun traballo de denuncia, senón de posta en valor da participación das mulleres na construción dunha identidade colectiva.

O interese cultural do proxecto reside no feito de provocar unha relectura da cultura tradicional a través da recuperación e actualización do cancionero popular galego, facendo unha prospección do máis local para extraer aportacións que reforcen os valores da igualdade na sociedade actual.

A singularidade artística do proxecto está no xeito de combinar fontes tradicionais e creación contemporánea: extraer contidos dos textos de transmisión oral que teñan vixencia hoxe, aproveitar a visceralidade da música popular e construír un acontecemento teatral en colaboración con axentes artísticos, sociais e educativos.

1.1. repercusión do proxecto na creación e fomento de públicos para as artes escénicas.

A segmentación é unha canle para a creación de novos públicos. De feito, este proxecto nace coa intención de chegar moi directamente ao público xuvenil, pero entendemos que unha mensaxe ideada para un público novo debe chegar tamén ao público adulto se é realmente eficaz.

A diferenciación é outra canle para atraer a atención de novos públicos. Neste caso, existe unha intencionalidade máis social ca artística, o que nos permite acceder a circuítos non especificamente culturais ou teatrais. O proxecto prioriza valores pedagóxicos sobre factores artísticos. Sobre todo, diante dun público xuvenil: poñer en valor a identidade propia e a memoria como recursos axeitados para desenvolverse no mundo actual, conciencialo de que a mellora das condicións de vida son produto dunha loita colectiva e non un agasallo para gozar individualmente, que rebelarse contra o sometimento dunha parte da poboación (as mulleres) implica a toda a sociedade.

Finalmente, o proxecto está deseñado para se presentar en espazos non especificamente teatrais e a través de redes non culturais. Deste xeito, accederemos a un sector amplo da sociedade que probablemente non acudiría ao teatro.

1.2. o teatro como ferramenta de comunicación, sensibilización e concienciación.

O teatro, fóra da súa dimensión cultural e artística, ten unha utilidade social. É un medio extraordinario para transmitir con eficacia mensaxes que calan na sociedade. O teatro ocorre diante do público, aquí e agora, é un espazo e un acontecemento compartido. A súa credibilidade vén precisamente de tratarse dun feito auténtico, real. Ademais, o teatro é unha demostración de empatía, o actor, a actriz ponse na pel do outro. E a persoa que asiste a unha obra de teatro recibe o impacto deste exercicio de tolerancia levado ao extremo: ser outro, entender ao outro, sentilo. A capacidade de sensibilización e comunicación do teatro é por tanto enorme, visceral, é unha transmisión emocional.

Este traballo de sensibilización e comunicación é moito máis eficaz se é quen de sorprender e interesar á xente que vai dirixido. Chévere demostra que o teatro pode ser un factor de innovación no tratamento de temas de impacto social como a igualdade e a prevención da violencia de xénero.

1.3. teatro con perspectiva de xénero

Con esta peza Chévere segue a explorar as posibilidades dun teatro con perspectiva de xénero, dando continuidade a traballos que cuestionaron a rixidez dos xéneros (Testosterona), que convidaban a explorar outras identidades (Ser home por un día), que reivindicaron as voces silenciadas dunha forza de traballo feminina que segue levantando imperios económicos na era da globalización (Citizen), que trasladaban á rúa o debate sobre a violencia machista (Mulleres soas, escapÁrate de xénero) ou que promoveron unha lectura crítica dos valores sexistas que transmiten as cancións románticas de consumo masivo (I'll be watching you).

Nesa liña de traballo, As Fillas Bravas veñen para expoñer modelos empoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan berros emancipatorios e cantos de rebeldía insospeitados.

Ademais, Chévere vén aplicando desde hai seis anos a perspectiva de xénero a todos os seus traballos, analizando desde esa perspectiva os roles femininos e masculinos nas súas obras, na defensa dunha linguaxe non sexista e procurando trasladar á sociedade desde o teatro a normalidade dun comportamento igualitario.

2. obxectivos

obxectivo xeral

Xerar materiais teatrais que teñan un aproveitamento pedagóxico a prol da igualdade entre home e mulleres e como prevención de situacións de violencia machista.

obxectivos específicos

- ofrecer referentes femininos en positivo para un empoderamento da muller
- profundizar nas posibilidades dun teatro con perspectiva de xénero
- ofrecer á comunidade educativa materiais teatrais con aproveitamento didáctico para tratar temas relacionados coa igualdade e o xénero
- contribuír ao empoderamento das mulleres profesionais do sector escénico
- facer unha relectura con ollos contemporáneos das formas de vida tradicionais
- usar teatralmente o cancionero popular e a música tradicional galega
- contribuír á creación de novos públicos achegando un teatro con valores pedagóxicos
- abrir novas canles de distribución e exhibición para o teatro en galego no ámbito do ensino e dos maiores

3. sinopse

Un grupo de cantareiras (tres irmás) ofrece un recital e entre canción e canción vai xurdindo un diálogo entre elas e co público sobre temas como a sexualidade, as relacións entre homes e mulleres, a violencia e o empoderamento da muller, sempre a partir das coplas que van cantando.

As fillas bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta como antes fixeron a súa nai e a nai da súa nai, porque todas son fillas do vento, mulleres de andar a pé do toxo, orgullosas de vir de tras da silveira, cantoras dunha estirpe de voces furtivas que berran entre raposos.

4. viabilidade técnica

Dentro da traxectoria da compañía Chévere este proxecto é relativamente modesto pola reducida dimensión do elenco, dos medios técnicos requeridos e da loxística necesaria. Pero mantén a mesma esixencia en canto á profesionalización de todo o proceso. Para garantir o cumprimento dos convenios colectivos que nos afectan e a calidade dos servizos dos nosos provedores, acudimos de novo ao financiamento público a través da convocatoria de axudas da Agadic. Facémolo reducindo ao 55% a porcentaxe solicitada sobre o orzamento total do proxecto. Isto supón acudir a outras fontes de financiamento público, neste caso o concello de Teo, que aportará o 24% do total (6.000€). E tamén implica realizar unha aportación propia que cubrirá o 21% restante do orzamento.

4.1. orzamento (ver anexo VI)

4.2. recursos da empresa

Ademais dunha aportación económica superior aos 5.000€, Chévere destinará os seguintes recursos propios para a produción deste espectáculo:

- Oficina de produción con conexión a internet, teléfono, fax, escáner, tres ordenadores de sobremesa, sala de reunións, proxector de vídeo, espazo de almacenamento.
- Local de ensaios cun escenario de 9 m. de ancho x 6 m. de fondo, camaríns, ducha, almacén e equipado co seguinte material:

- **Equipamento de iluminación:**

Mesa LT Tritton 48 canles/36 máster

Dimmers tipo VMB DS132/3000 W cada canle, 24 canles DMX 0-10

Focos: 66

24 PAR 64/1000W 120V soltos con lámpada CP60/CP62

5 RECORTES tipo ETC source 4 jr 25/50º 575W

4 RECORTES tipo Strand 28/40º 650W

6 PC tipo SELECOM ACCLAIM 650W (con palas)

6 PC tipo COMPACT SELECOM 1000W (con palas)

6 PC tipo ADB 1000W (con palas)

6 FRESNEL tipo SELECOM ACCLAIM 650W (con palas)

4 PAR 575W con lentes intercambiabeis (con palas)

3 PANORAMAS ASIMÉTRICOS 1000W (con portafiltros)

- **Maquinaria**

16 tarimas 2 m. x 1 m. c/u tipo ROSCO con patas regulables
Chan PVC para danza branco e negro de 6,5m. x 9 m.

Cámara negra

Panos de fondo, patas e telón en branco

5 varas de 50 mm. e 9 m. de longo para colgar focos

4 Eslinga negra de 2 m. con cable interior

12 pezas de truss triangular de 3 m.

2 pezas de truss triangular de 3 m unión cónica

1 peza de truss triangular de 2,5 m. unión cónica
4 abrazadeiras de aluminio para tubo de 50 mm.
16 abrazadeiras de aluminio con argola para polipasto
4 polipastos jaguar de 500kg con 5 m. de cadea

- **Equipamento de son**

P.A.

WDB TM 1515 X 4

WDB BRV 218 X 2

Etapa de potencia

WDB 130W 4ohms x 4 canles de etapa

Mesa Tipo YAMAHA 01V 96

Previo tipo BEHRINGER AD 8000 / 24 canles

4 retornos escenario

Monitorado

6 tipo MACKIE SRM 450W

Microfonía:

6 SHURE SM58

3 SHURE SM57

1 SENNHEISER MD441

4 SENNHEISER E604

7 DI activas BEHRINGER (3 mono 4 stéreo)

Cableado e pés

- **Equipamento de vídeo**

Proxector TOSHIBA TLP-B2E 3500 lumens. Acepta sinal de ordenador

Pantalla 2,5 m. X 3,5 m.

Mesa de mesturas EDIROL V4

1 Cámara HD con trípode

2 Lectores de DVD

4.3. equipo técnico e artístico

actrices

patricia de lorenzo, mónica garcía, arantza villar

dramaturxia, dirección

xron

escrita

manuel cortés

maquillaxe, caracterización

fany bello

vestiario

entre agullas

adestramento musical

inés portela

asesoramento xénero/guía didáctica

raquel piñeiro/promove

asesoramento literario

carme hermida

deseño gráfico

laura iglesias

fotografía

matteo bertolino

comunicación

xana garcía

5. memoria de dirección

As Fillas Bravas é un espectáculo con perspectiva de xénero á procura de modelos de empoderamento feminino. Queremos aportar ao público, sobre todo ao público xuvenil e sobre todo ao público feminino, referentes positivos e próximos de personaxes de mulleres. Fuxir premeditadamente de poñer o énfase na presenza da muller como vítima, e colocar o foco nunha muller afirmativa, autónoma, creativa, implicada na colectividade.

As Fillas Bravas é un traballo de investigación sobre a sexualidade, as relacións de xénero e os roles da muller na sociedade tradicional transmitidos a través do cancionero popular galego.

As Fillas Bravas é un traballo en proceso, segue a metodoloxía de creación colectiva establecida polo grupo Chévere ao longo dos anos e refrendada polo recoñecemento do público, dos profesionais e dos medios.

As Fillas Bravas é unha aposta por achegar ao público galego espectáculos que afonden na sensibilización e concienciación sobre a igualdade entre homes e mulleres.

As Fillas Bravas é un recital teatralizado que actualiza a vixencia dos valores da cultura tradicional.

5.1. a documentación de referencia

Neste apartado trátase sobre os temas, feitos, xéneros, autores e obras que servirán de referencia para a creación do proxecto e sobre os que se desenvolverá un traballo de procura e documentación.

5.1.1. o cancionero popular galego

Este traballo toma como base e punto de partida o estudo e análise do cancionero popular galego. Para iso botamos man principalmente das coleccións de textos orais populares, en xeral poemas, colleitadas por diversos autores desde a segunda metade do século XIX.

O valor do cancionero popular galego é dobre. Por un lado, constitúese como a tradición literaria sobre a que construír unha literatura nacional. Como sucede noutras partes de Europa (Serbia, Croacia, Finlandia...), a ausencia de textos escritos en galego leva a numerosos autores do século XIX a realizar un traballo de colleita, transcripción e sistematización de poemas, cancións, contos e lendas de transmisión oral. Entre outras coleccións recollidas e publicadas na segunda metade do século XIX, baste citar as de José Casal Lois, Manuel Murguía, José Pérez Ballesteros, Marcial Valladares, Juan Antonio Saco y Arce ou José López de la Vega. Estas coleccións servirán para elaborar os primeiros vocabularios e gramáticas do galego tanto como para inspirar as primeiras creacións literarias en lingua galega.

Por outro lado o cancionero popular galego é unha fonte de primeira magnitude para o estudo das formas de vida, costumes e crenzas da sociedade galega anterior ao século XX. Ao tratarse de textos recollidos in situ e postos en boca das persoas que os recibiron de xeracións anteriores, teñen un valor especial pola súa autenticidade e espontaneidade. Reflicten non só feitos e costumes, senón todo un sistema de valores e un imaxinario simbólico.

Son numerosos os traballos, estudos e publicacións etnográficas e antropolóxicas que usan as cantigas e o cancionero popular para achegarse e analizar as formas de vida do mundo rural e mariñeiro anteriores á época contemporánea. Estudos que case sempre responden ás preocupacións da época na que foron publicados e aos intereses e ideoloxía dos seus autores. De aí que teñan servido para establecer o cónon da Galicia máis costumista, ou para o estudo dos oficios tradicionais e dos labores do agro.

Sobre todo faltan traballos que se ocupen das zonas de conflito da sociedade tradicional, como pode ser a do papel desempeñado polas mulleres. Algo especialmente sensible ao falar do cancionero popular, porque se ten sinalado en numerosas ocasións que en gran parte foron mulleres as que crearon, gardaron e transmitiron as cancións. Prescindindo de argumentos estilísticos e sensibilidades líricas para explicar o carácter feminino das coplas, o que resulta evidente é que en moitas delas quen fala en primeira persoa é unha muller, e que os lugares nos que naceron e se transmitiron as cantigas (cociñas, lavadoiros, muiños, peiraos...) están vencellados a labores especificamente femininos: redeiras, lavandeiras, tecedeiras e costureiras, muiñeiras, cociñeiras, etc.

A intención do noso traballo non é en absoluto académica. Tan só teatral. Queremos achegarnos a algunhas zonas nas que intuimos que a muller gozou de autonomía, extraendo textos do cancionero que poidan alumear xestos de rebeldía e autoafirmación.

Ademais, contamos co valor engadido que aporta a música que acompaña a estas cantigas. Un xeito de reafirmar diante do público o carácter profundamente local dos referentes que usamos, poñendo en valor a nosa cultura propia en relación coas preocupacións da sociedade contemporánea.

5.1.2. as formas de vida tradicionais e as relacións de xénero en Galicia.

Nos últimos anos empezaron a publicarse en Galicia numerosos traballos de antropoloxía centrados na figura, nos roles, no traballo e na historia da muller, renovando e actualizando os escasos estudos sobre o tema e cuestionando algúns dos mitos referenciais da muller galega, nomeadamente o matriarcado.

A esta asociación entre a Galicia campesiña e o matriarcado contribuíron as descrições procedentes de obras de autores como Emilia Pardo Bazán, P. Rovira ou Camilo José Cela. Algúns estudos etnográficos pioneiros sobre a sociedade rural galega tamén puideron no seu momento inducir a esaxerar o peso do poder das mulleres, como o de Carmelo Lisón Tolosana. Mesmo algúns autores da Xeración Nós como Vicente Risco, na súa definición do feito diferencial galego, apelaron a un status dominante da muller en Galicia como unha supervivencia das estruturas da época pre-romana. Os estereotipos da muller que caracterizan esta visión "matriarcal" de Galicia resúltanos moi familiares: traballadoras, fortes, sacrificadas...

Nós non acreditamos neste matriarcado, moito menos ligado a Galicia, nin é do noso interese forzar a historia á procura dun período ou dunha sociedade dominada por mulleres. O que si queremos é cuestionar esoutro estereotipo que caracteriza a sociedade galega rural como conservadora, atrasada, inmovilizada, sumisa, e que reducía ás mulleres ao ámbito privado da familia.

A manda matrilineal

En Galicia non houbo matriarcado. O que se atopan son exemplos dunha cultura matrilineal, na que a herdanza se transmite por línea feminina. Aínda hoxe está moi vixente a figura das “melloradas”, a filla que casa na casa e garante a permanencia do linaxe, mantendo a propiedade da casa, dos enseres, das terras que a rodean e do gando. Esta manda matrilineal foi característica da zona costeira, o home casado ía para a casa da familia da muller e alí desempeñaba un rol subordinado á sogra e á muller, que mantiñan a toma de decisións non só no ámbito doméstico, senón tamén no produtivo (organización dos labores agrícolas e gandeiros, xestión económica, tesoureiría, fornecemento, comercio, etc.). En casos extremos, o home cumpría apenas un rol reprodutivo, actuando despois como un criado e asumindo labores supostamente reservados ás mulleres, como lavar a roupa ou facer manteiga.

A presenza de factores como a manda matrilineal, xunto a outros de carácter histórico ou cultural como a existencia dunha poboación feminina numericamente moito maior, a estrutura da propiedade da terra, a emigración e a dispersión no poboamento do territorio, implicaron unhas relacións de xénero menos desigualitarias que non debemos mitificar, pero si afirmar para fortalecer o empoderamento da muller galega na sociedade actual.

Na Galicia rural historicamente non se deu unha división sexual do traballo tan profunda como noutros lugares. As mulleres non se limitaban a desempeñar un rol reprodutivo, senón que participaban de todas as tarefas do traballo no campo, non tanto no mar, pero si no marisqueo, que tamén é unha tarefa produtiva. As mulleres tiveron un rol dominante na xestión da economía doméstica, pero tamén das explotacións agrogandeiras. De aí que a súa presenza na esfera pública da aldea fose un feito asumido e normal.

No campo galego tamén se daban unhas taxas especialmente baixas de nupcialidade e unhas taxas relativamente altas de fillos concibidos fóra do matrimonio, que indican un certo control da muller sobre a súa sexualidade.

Se todos estes indicadores dunha certa autonomía acadada polas mulleres na sociedade rural non fosen abondo, nos textos do cancionero popular galego atópanse testemuñas directas dos roles produtivos asumidos polas mulleres, da existencia habitual de relacións sexuais fóra do matrimonio, da denuncia de abusos, acosos e violacións, de prácticas anticonceptivas e abortivas, de autoafirmación da muller fronte o home...

Toda esta información será a base desde a que se constrúan as personalidades e circunstancias dos tres personaxes desta peza.

5.2. os materiais de traballo

5.2.1. a dramaturxia como proceso

A dramaturxia é unha maneira de pensar o espectáculo usando o vocabulario e a gramática teatral. Chévere constrúe os seus espectáculos en proceso. O espectáculo é o resultado dun proceso de traballo aberto, participativo e colaborativo que implica a todo o equipo e mesmo a outros axentes (profesionais, xestores, público). Os espectáculos de Chévere non parten dun texto escrito a priori. Escríbese para o proxecto, para os actores e actrices e en función das circunstancias nas que se está traballando. Tampouco se usan deseños realizados a priori, porque todos os elementos que integrarán a obra teñen que ir acoplándose, modificándose e apoiándose na evolución do propio traballo en equipo.

Isto non significa que non saibamos o que queremos. Sabémolo perfectamente. Pero un dos ingredientes fundamentais do noso traballo é a descuberta. É como se traballasemos pendentes dunha revelación que sempre se produce porque todo está disposto para que así sexa e porque todos estamos alerta.

5.2.2. os personaxes e o traballo de interpretación.

Esta é unha peza para tres actrices que teñen que falar, cantar e tocar. Falan entre elas e tamén co público e polo medio cantan, contan e tocan. Nesta ocasión cada actriz asume un personaxe e un rol dentro do grupo. Non hai desdobramentos nin capas nin distanciamento. Pretendemos chegar a unha identificación actriz-personaxe. É o máis eficaz porque queremos que o público perda a noción da realidade durante a peza, aceptando a ficción que se lle presenta como unha realidade. É un efecto xa traballado nunha peza anterior, "I'll be watching you", na que a actriz confúndese totalmente co personaxe que interpreta, unha cantante vítima de malos tratos, producíndose unha identificación absoluta do público co personaxe, unha empatía que permite acadar unha concienciación moi potente do que supón a violencia contra as mulleres.

Os personaxes son tres irmás fillas de solteira e de distintos pais. Son mulleres maiores, pero non vellas, a máis nova ten uns 50 anos, a máis vellas xa pasa dos 60. Manteñen a súa vitalidade plenamente. Dalgún xeito representan a figura da avoa, esa muller maior que para un rapaz ou unha rapaza poden ser as depositarias e transmisoras da identidade, da tradición, da cultura, da lingua propia fronte ao que vén de fóra e domina as nosas vidas. É un xeito de reivindicar o que pode quedar de autenticidade en nós, os vencellos cada vez máis fráxiles coa memoria dun lugar e dunhas xentes, algo que nos permitirá ser alguén nun mundo dominado polo valor fugaz dun presente que se esvae tan axiña como se consume.

Tamén se trata de revalorizar a memoria. Confirmar que somos parte dun proceso. E que ese proceso non é unha simple historia de superación, senón que o presente está sempre sustentado no anterior e é posible restaurar e consolidar o pasado para ter un presente e un futuro mellor.

A través destas mulleres postas en escena queremos dicirlle ao público máis novo que hai que loitar para conservar os dereitos que gañamos. Queremos ofrecer un retrato verosímil destas mulleres maiores, fortes e autónomas que sirvan de referente próximo e real para os ideais de autonomía persoal das mulleres máis novas.

5.2.3. os temas a tratar.

Todos os temas xurden dos textos recollidos do cancionero popular galego e serán expostos a través de cancións.

Queremos poñer de manifesto que a sexualidade, a violencia contra as mulleres ou a división sexual do traballo non son temas ou preocupacións especificamente contemporáneas, senón que aparecen constantemente na tradición oral e de maneiras ás veces sorprendentes pola espontaneidade e crueza con que son tratados.

Sexualidade

O control da súa sexualidade por parte da muller, a resistencia a que sexa o home quen controle a sexualidade da muller. A muller como suxeito activo e non só pasivo do sexo. A sexualidade vivida abertamente e con naturalidade. Descricións dos actos sexuais e da masturbación. As relacións sexuais fóra do matrimonio como algo coñecido e cun grao de aceptación considerable. Prácticas anticonceptivas e abortivas.

Eu pedinllo a unha nena

Na porteliña do prado,

Ela díxome chorando:

Está o prado mollado.

A filla da miña nai

Non ten pelos na paxara.

De subire ós piñeiros

E baixar escarranchada.

Meniña que estás no leito

Entre sábanas de liño

Tes unha man no peito

A outra no paxariño

Violencia

As formas da violencia exercida contras as mulleres por parte dos homes e as expresións de resposta fronte ao acoso, abuso e violación. A denuncia da violencia. As consecuencias para el e para ela.

Por unha vez que che puxen

A man no teu faldrellín

Fuches á casa do alcalde

Dar unha crella de min

Teño polainas de buxo

Tarrañolas de burel

Para darlle a meu compadre

Porque zurrrou á muller

Fun á fonte buscar auga

Nunca tal auga nacera

Déronme unha puñalada

Na miña cofia de seda

Roles sociais

A existencia de relacións de xénero menos desiguais na sociedade rural tradicional. Os roles produtivos e reprodutivos asumidos polas mulleres. A herdanza por vía matrilineal. A relativamente escasa división sexual do traballo. O posicionamento da muller fronte ao home: autoafirmación feminina e signos de rebeldía fronte ao dominio masculino.

Das mociñas de Carnota,

Libérame dominé,

Ás que lles gusta o coñá

Van cos homes ao café

*Miña comadre Pelonia,
Non vin muller coma ela;
Os osos dállos ao home,
A carne cómea ela.*

*Arriba caldeiro roto
Abaixo manta mollada
Onde estamos nós as nenas
Os homes non valen nada*

*Este ano veu unha orde
Nunca poudo vir mellor
Meter ós homes no forno
E chamar ó capador.*

5.2.4. o formato teatral.

Esta peza é un recital. Xogamos a teatralizar o recital musical, como lugar de encontro e mestura de teatro e música, voces e percusións, contos e cantos.

Apostamos por unha sixeleza extrema, sacrificando os recursos da maquinaria escénica: nada de escenografía, nada de iluminación, nada de proxeccións, nada de gravacións enlatadas e efectos sonoros, o que pasa ten lugar aquí e agora tal e como sucedería se isto estivese pasando de verdade. Non é unha ilusión. Como se fose unha peza que cumprise os votos do colectivo cinematográfico Dogma 95.

5.2.5. os textos.

A fonte principal van ser os cancioneros populares. Contrastaremos cantigas que aínda se cantan hoxe en agrupacións e foliadas, con recolleitas máis ou menos recentes e, sobre todo, cos textos das coleccións máis antigas, como a de José Casal Lois, colleitada maioritariamente na bisbarra de Pontevedra xa desde finais da década de 1860 e durante case 20 anos, como un xeito de certificar a autenticidade dos valores expostos nas coplas seleccionadas.

Como o repertorio textual e musical de transmisión oral sempre foi obxecto de adaptacións, incorporacións e novas creacións, non descartamos a posibilidade de escribir algún texto novo como colleita propia dos personaxes da obra. Tanto para modificar algunha copla antiga, como para amosar o talento natural dalgunha destas tres mulleres.

As coplas servirán para expoñer os temas que nos interesan. O tratamento de cada tema farase a través de diálogos entre os tres personaxes, incorporando comentarios, reflexións e conflitos que completen a caracterización das personalidades de cada unha.

5.2.6. as técnicas.

Para a execución desta peza, farase un adestramento musical previo. As actrices deberán adquirir unha capacitación técnica para tocar a pandeireta e cantar muiñeiras, jotas e alalás.

O adestramento musical desenvolverase ao longo de tres meses, con sesións prácticas tres días á semana, dirixidas por Inés Portela. Puntualmente faranse encontros con profesionais da música folk, como Mercedes Peón, Quique Peón, Felisa Segade. E coa xente das agrupacións folklóricas do concello de Teo (A Mámoa de Luou, AC Rosalía Castro de Cacheiras, Alvariza).

Tamén se fará un traballo específico de técnicas de caracterización, co fin de avellentar ás tres actrices. O obxectivo é acadar un avellentamento natural, cun deseño específico para a natureza físcas de cada unha delas, evitando en todo caso o efecto máscara. O traballo de caracterización e maquillaxe, así como o adestramento das actrices, será dirixido por Fany Bello.

5.3. o cronograma.

Meses	Marzo				abril					Maio					Xuño				Xullo				
Semanas	1	2	3	4	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5	1	2	3	4	1	2	3	4	5
DESEÑO																							
Deseño do proxecto																							
Configuración equipo																							
DESENVOLVEMENTO																							
Documentación e traballo de campo																							
Elaboración da memoria do proxecto																							
Sesións de adestramento musical																							
Selección de textos do cancionero																							
Pre-produción																							
PRODUCCIÓN																							
Execución elementos escénicos																							
Escrita e guión																							
Ensaíos																							
COMUNICACIÓN E DISTRIBUCIÓN																							
Plan de comunicación-márketing																							
EXECUCIÓN																							
Estrea																							

6. Estratexias de difusión e comunicación

Farase un esforzo para que a peza chegue á maior cantidade de público posible, poñendo un coidado especial e deseñando estratexias específicas dirixidas ao público xuvenil.

A difusión do proxecto vaise apoiar fundamentalmente na rede de contactos e clientes establecida por Chévere ao longo dos últimos catro anos, durante a distribución doutras pezas e obradoiros que trataban temas de identidade, xénero, igualdade e prevención da violencia machista como "Testosterona", "Ser home por un día", "Citizen" e, especialmente "I'll be watching you".

En total fixéronse máis de 100 representacións e/ou obradoiros, maioritariamente en espazos non teatrais, fóra das redes culturais convencionais. Os demandantes deste tipo de actividades foron tamén entidades non especificamente culturais: centros de ensino primario, secundario, bacharelato e universitario, centros de información á muller (CIM) dependenttes dos concellos, asociacións de mulleres de todo tipo, colectivos feministas, ONG's, concellarías da muller, Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e doutros gobernos autonómicos.

Chévere ten elaborada unha base de datos moi completa, na que se teñen rexistrado arredor de 200 persoas, colectivos, asociacións e entidades coas que se mantivo contacto durante estes anos.

Para dar a coñecer a iniciativa abordaranse, xa que logo, as seguintes tarefas:

-Elaboración e distribución dunha guía didáctica, acompañada de charlas e coloquios: como parte desta iniciativa está prevista a elaboración dunha guía didáctica sobre o proxecto. Esta guía poderase descargar dende a plataforma web Redenasa.tv e a súa función é orientar aos docentes sobre como empregar a obra para traballar co alumnado e explorar todo o potencial educativo do proxecto. Tamén se ofrecerá como actividade complementaria, unha charla coloquio co alumnado posterior á asistencia ao espectáculo. Tanto a guía como as charlas serán elaboradas e dirixidas por Raquel Piñeiro e o equipo de Promove Consultoría.

A distribución desta guía didáctica empregárase tamén como ferramenta de difusión, xa que esta valerá como carta de presentación da iniciativa e propiciará que o profesorado involucre as súas clases no proxecto unha vez que este estea a funcionar.

-Vídeo: un elemento fundamental para a difusión do proxecto vai ser un vídeo que recollerá todo o proceso de preparación e ensaios xunto ao rexistro completo da obra. Este vídeo incluírá imaxe da obra e dos ensaios, e intervencións do equipo asesor, de docentes, profesionais da música e rapaces e rapazas que asistan ás primeiras representacións.

Este vídeo servirá de promoción a través das redes sociais e como instrumento de comunicación en ámbitos académicos, asistenciais e profesionais relacionados coa igualdade.

-Rede de contactos: durante os meses que dure o proceso de preparación do proxecto iremos enviando información a toda a rede de contactos establecida por Chévere. Enviaranse convites para a estrea e para as primeiras funcións e recibirán o vídeo promocional do proxecto. Moitas das persoas e entidades que forman parte desta rede de contactos fan un

seguemento constante das actividades de Chévere no eido da igualdade e coñecen de primeira man procesos coma este, convertíndose non só en demandantes de actividades senón en co-participantes do proceso de traballo de Chévere.

-Medios de comunicación: a posta en marcha da obra irá acompañada así mesmo dunha campaña informativa dirixida aos medios de comunicación convencionais e dixitais. Esta campaña incluirá:

- Un pase para medios, que se celebrará aproximadamente uns días antes da súa estrea.
- Envío de notas de prensa ao longo de todo o proxecto para dar conta dos pasos que se vaian dando.
- Concesión de entrevistas en prensa, radio e televisión. Promoverase a realización de reportaxes de prensa e televisión.

-Web e Redes sociais: deseñarase un espazo web propio dentro da plataforma Redenasa.tv, que garante un tráfico de visitas relevante, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo ao tatarse dunha comunidade de persoas interesadas nas artes escénicas e na cultura galega.

Neste espazo iranse colgando vídeos, textos, imaxes e outra información complementaria do proxecto, que servirá para incrementar unha difusión de calidade a través das redes sociais. Neste sentido, usaranse como soporte principal Twitter e Facebook, nas que tanto Chévere como Redenasa.tv teñen unha rede consolidada de máis de 8.000 seguidores e un importante impacto.